

A empresa Carferlo SL, con sede en Xove, é a encargada de acometer o servizo de conservación de vías no municipio de Xermade

Unha aposta pola **seguridade** nas estradas provinciais

A seguridade dos usuarios das estradas provinciais, solucionar de forma áxil e eficaz as incidencias que pode presentar unha vía e manter o bo estado das mesmas son os obxectivos do Plan de Conservación de Estradas, que financia e executa a Deputación de Lugo nos 4.200 quilómetros de vías de toda a provincia de Lugo. Trátase dun plan no que se inviste a cifra récord de 18 millóns de euros, e que, por primeira vez, inclúe cláusulas sociais que blindan ós traballadores das empresas adxudicatarias.

O municipio de Xermade forma parte da denominada zona1, que no mapa da provincia comparte zona con Vilalba e os

*Fundada en 1998,
Carferlo SL, adícase á
execución de obra civil;
ó transporte; ó tratamento
de residuos
de construción; e á
fabricación de formigón
asfáltico na súa
propia planta*

concellos da Mariña Lucense. A empresa Carferlo SL, con sede en Xove, é a que leva a cabo todos os plans de adecuación e mellora nas estradas deste concello, con dez parroquias no seu haber e máis de 167 quilómetros cadrados de extensión.

Fundada en 1998, Carferlo SL adícase á execución de obra civil; ó transporte; ó tratamento de residuos da construción e da demolición; e á fabricación de formigón asfáltico, para o que dispón dunha planta propia en Xove, municipio na que tamén atópase a sede da compañía.

Nesta anualidade, ademais de levar a cabo desbroces e limpeza en todas as vías provinciais para garantir a seguridade dos seus usuarios e evitar incendios forestais,

tamén se reformou a estrada que une a Penela con Paidavella, unha travesía preto de Roupar limítrofe co concello de Muras, e que dá servizo a moitos veciños

da zona. Así mesmo tamén se completou a sinalización coa colocación de espellos reflectantes en zonas de pouca visibilidade.



Vías de Xermade mellorada co Plan de de Conservación de estradas

EN LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

O municipio de Xermade, ademais de gandeiro, conta cun extenso patrimonio forestal, non en van no monte xermadense están instalados gran parte dos eólicos da provincia, e tamén é fonte de riqueza en prantacións de todo tipo de especies arbóreas.

No pasado mes de marzo arderon, en parte por incendios provocados, máis de cen hectáreas no municipio, fundamentalmente nas parroquias de Roupar e Cabreiros. Uns graves incidentes que fixeron que o Partido Socialista xermadense solicite ao goberno local a adquisición dun camión antiincendios, un vehículo que sería de moita axuda nun primeiro ataque, antes de que cheguen os efectivos da Xunta, que foron os encargados da extinción destes incendios. Así mesmo, e por

parte dos socialistas do concello, tamén se cre que sería necesario a construción de diferentes balsas de auga nas zonas de monte como a xa existente en Lousada de Arriba, financiada pola Deputación de Lugo, ou outras moitas que son construídas polas comunidades de montes ante a escasez destes servizos.



Depósito de auga en Lousada de Arriba